



**LIÑAS DE
ACTUACIÓN**

An icon consisting of a stylized human figure with three interlocking gears of different sizes positioned to its left, all in a light blue color.

INTERVENCIONES POR ÁREA DE TRABAJO 10

Regulación das condicións marco

A continuación (Táboa 100), se enumeran as propostas froito do proceso de diagnose e posta en común correspondentes á área de traballo 1 “Regulación das condicións marco”.

TÁBOA 100.
RETOS E PROPOSTAS DA ÁREA DE TRABALLO 1 “REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS MARCO”.

RETOS	PROPOSTAS
 RETO 1.- Por unha administración autonómica eficiente e coordinada con outras administracións e interlocutores sociais.	1.1.1 Impulsar a coordinación entre as distintas administracións para desenvolver estratexias que estimulen o emprendemento e a competitividade.
	1.1.2 Emprender reformas institucionais para conseguir unha administración local, autonómica e xudicial eficiente, transparente e orientada á satisfacción dos usuarios.
	1.1.3 Deseñar as novas regulacións e as políticas públicas tendo en conta ás partes interesadas e despregando un cadro de avaliación sistemática <i>ex post</i> para o control e seguimento de ambas.
 RETO 2.- Por un clima empresarial con regras de xogo claras, estables e motivadoras de investimento sostible.	1.2.1 Deseñar un contorno regulador que estimule unhas operacións industriais de maior eficiencia no consumo de recursos, minimizando residuos, e con menores emisións de CO₂.
	1.2.2 Despregar un programa de intervención e apoio público que facilite o desenvolvemento de mercados competitivos, eliminando barreiras de entrada e obstáculos regulamentarios ao crecemento do emprego e a consolidación empresarial.
	1.2.3 Estimular con incentivos públicos as experiencias piloto no ámbito da coexistión que as empresas decidan implantar voluntariamente.
	1.2.4 Acompañar o despregue da Industria 4.0 con cambios regulamentarios e políticas que apuntalen a sostibilidade da seguridade social e que garantan a prevención de riscos e a seguridade industrial.
 RETO 3.- Por un apoio explícito a novos investimentos que actúen como tractores da economía.	1.3.1 Desenvolver as ferramentas <i>online</i> dispoñibles para que, ademais de servir de xanela única con información en tempo real, melloren a coordinación entre organismos corresponsables de calquera tramitación empresarial.
	1.3.2 Deseñar un programa de incentivos fiscais coordinado e administrativamente simple para estimular novos e grandes proxectos de investimento, garantindo o mantemento da recadación fiscal mediante mecanismos que promovan a participación de PeMEs galegas na fase de execución.
	1.3.3 Elaborar plans de apoio temporal para empresas de bens de equipo e servizos avanzados, situadas na intersección das cadeas de subministro con maior produtividade asociada.
	1.3.4 Estimular os acordos de comercialización conxunta en produtos complementarios, tanto no mercado español como nos foráneos, particularmente nas cadeas de subministro con empresas tractoras ou canles de distribución con centros de decisión en Galicia.

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 101.

PROPOSTA 1.1.1

Impulsar a coordinación entre as distintas administracións para desenvolver estratexias que estimulen o emprendemento e a competitividade.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	1.1.- Por unha administración autonómica eficiente e coordinada con outras administracións e interlocutores sociais.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. COM (2014) 14 final - Por un renacemento industrial europeo. Prioridade: Aplicar con decisión os instrumentos de desenvolvemento rexional, os nacionais e os da UE en apoio da innovación, as aptitudes e o espírito empresarial para alcanzar o cambio industrial e impulsar a competitividade da economía da UE. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 4: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 5: Administración moderna, eficiente e de calidade. Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia (Eduemprende). Eixe estratéxico 4: Coordinación e aproveitamento de iniciativas. - Obxectivo: Procurar a sinerxía nos programas sobre emprendemento desenvolvidos en Galicia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Galicia conta cunha batería de iniciativas e de ferramentas dedicadas ao emprendemento que lle outorgan unha boa posición neste campo. Sen embargo, parece existir un amplo potencial de mellora na coordinación entre as diferentes iniciativas (intercambio de experiencias e mellores prácticas, rutas que inclúan varias iniciativas...) para así aproveitar máis eficientemente os recursos e infraestruturas dispoñibles. Sen dúbida, a iniciativa de GAIN de crear unha rede para a aceleración da innovación constitúe un primeiro paso neste sentido, pero fai falta ir máis alá. É preciso mellorar o aliñamento das estratexias e iniciativas existentes para potenciar a competitividade do noso tecido empresarial.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Incrementar o número de iniciativas emprendedoras viables e mellorar a competitividade das nosas empresas co apoio dunha Administración Pública coordinada que facilite tódolos procesos necesarios.

Tódalas estratexias e iniciativas deben estar orientadas na mesma dirección, polo que é necesario que exista máis coordinación entre as distintas institucións. En canto ao emprendemento, débese actuar en tódalas súas fases (dende a idea inicial ata a chegada ao mercado) e, por outro lado, impulsar a integración e especialización dos organismos de apoio ao emprendemento (incubadoras, viveiros, aceleradoras...). O mesmo ocorre coas estratexias de competitividade, nas cales debe existir un aliñamento entre o xa feito recentemente e as novas propostas, e dende logo entre os plans e iniciativas de distintos departamentos dentro dunha mesma institución, co fin de garantir a coherencia e perseveranza dos esforzos que por múltiples vías se están a realizar.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 0101_GNP_AECT_1_E: Agrupación europea de cooperación territorial Galicia-Norte de Portugal.
- 2016_XUNTA-CZFV_VIAGALICIA.
- Fondo Xes-Innova- 0205_LIDERA_1_E: Emprego e emprendemento xove.
- 0437_INTERNOVAMARKET_FOOD_1_E: Aumentar a competitividade sector alimentario.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Consellería de Economía, Emprego e Industria (GAIN e IGAPe especialmente), FEGAMP, INEM e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas e as persoas traballadoras.
- Persoas potencialmente emprendedoras (estudantes, persoas en situación de desemprego...).
- A sociedade galega en xeral.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.1.1.1.1	Actividade emprendedora incipiente total (TEA) en Galicia (Índice). ⁽¹⁾	5,51 (2015)	6,61 (▲ 20%)
I.1.1.1.2	Valoración media das condicións do contorno para emprender en Galicia - Política governamental: apoio, medidas (Valoración media). ⁽²⁾	2,30 (2015)	2,99 (▲ 30%)
I.1.1.1.3	Competitividade rexional de Galicia (Índice). ⁽³⁾	-0,47 (2016)	-0,14 (▲ 70%)
I.1.1.1.4	Dimensión básica RCI - Institucións galegas (Puntuación sobre 100). ⁽⁴⁾	37,5 (2016)	50,6 (▲ 35%)

Notas:

(1), (2) GEM (2015) (3), (4) Comisión Europea (2017)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 102.

PROPOSTA 1.1.2

Emprender reformas institucionais para conseguir unha administración local, autonómica e xudicial eficiente, transparente e orientada á satisfacción dos usuarios.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	1.1.- Por unha administración autonómica eficiente e coordinada con outras administracións e interlocutores sociais.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. COM(2016) 615 final - Lexislar mellor: obter mellores resultados para unha Unión máis forte. - Deberá outorgarse prioridade ás propostas destinadas a aportar vantaxes inmediatas á cidadanía e ás empresas. - Ser transparentes: a Comisión comprometeuse a mellorar a transparencia nos seus contactos coas persoas interesadas e os representantes dos grupos de interese. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 4: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. Plan estratéxico do Instituto Nacional de Administración Pública (INAP) 2017-2020. Obxectivo Estratéxico 4: Transformar a actividade interna do INAP nun proceso de mellora continua. Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 5: Administración moderna, eficiente e de calidade. - PA 5.2: Administración transparente, eficiente e orientada a resultados.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A carga administrativa, os prazos e os custos dos trámites administrativos asociados ás actividades empresariais son moi elevados segundo estándares OCDE e á vista dos estudos elaborados por institucións coma o Banco Mundial. Isto esvaece os incentivos dos axentes económicos á asunción de riscos e ao investimento, e inflúe na procura de localizacións alternativas para o desenvolvemento de novas iniciativas, sexan de empresas existentes ou de nova creación. Por exemplo, en relación á media dos países pertencentes á OCDE, a obtención de electricidade en Galicia necesitaba en 2015 de 3,3 trámites adicionais, cerca de 57 días máis e un custo engadido que superaba o 160% da renda per cápita.

Os indicadores de transparencia teñen tamén marxe de mellora. O Índice de Transparencia dos Parlamentos (IPAR) 2016 sitúa a Galicia no posto undécimo das dezasete Comunidades Autónomas.

Finalmente, outros elementos de xuízo sobre a calidade do clima de negocios traslada tamén certa marxe de mellora. Por exemplo, segundo o último dato ofrecido polo Instituto Nacional de Estadística (INE), a taxa de confianza no sistema xudicial foi de 2,5 sobre 10.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Conseguir unha mellor relación das empresas e da cidadanía coas institucións públicas (administración, ensino, sistema xudicial, etc.), de forma que estas se sincronicen cos tempos e necesidades da actividade económica.

As Administracións Públicas galegas de tódolos niveis, sen esquecer as dedicadas ao poder xudicial, deben levar a cabo reformas que contribúan a mellorar a súa eficiencia, con procesos máis áxiles e menos custosos, reforzando a súa orientación á satisfacción das persoas usuarias. Do mesmo xeito, débese actuar tamén sobre a transparencia, para así mellorar a confianza nas institucións. Estas medidas favorecerán unha contorna máis atractiva para os novos investimentos.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Plan de Transparencia e Bo Goberno para Entidades Locais da FEGAMP.
- 0101_GNP_AECT_1_E: Agrupación europea de cooperación territorial Galicia-Norte de Portugal.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e FEGAMP.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas e as persoas traballadoras.
- Potenciais investidores de fóra de Galicia/estranxeiros.
- A sociedade galega en xeral.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.1.1.2.1	Manexo de permisos de construción en Galicia (días). ⁽¹⁾	297,5 (2015)	193,4 (▼ 35%)
I.1.1.2.2	Taxa de pendencia do sistema xudicial galego (%). ⁽²⁾	0,36% (2016)	0,23% (▼ 35%)
I.1.1.2.3	Índice de Transparencia do Parlamento (IPAR) de Galicia (Puntuación global). ⁽³⁾	81,3 (2016)	97,6 (▲ 20%)
I.1.1.2.4	Confianza no sistema xudicial galego (%). ⁽⁴⁾	2,5% (2013)	4% (▲ 60%)

Notas:

(1) Banco Mundial (2016a)

(2) CGPJ (2017)

(3) Transparencia Internacional (2016)

(4) INE (2017f)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 103.

PROPOSTA 1.1.3

Deseñar as novas regulacións e as políticas públicas tendo en conta ás partes interesadas e despregando un cadro de avaliación sistemática *ex post* para o control e seguimento de ambas.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	1.1.- Por unha administración autonómica eficiente e coordinada con outras administracións e interlocutores sociais.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. Acordo interinstitucional, de 13 de abril de 2016, entre o Parlamento Europeo, o Consello da Unión Europea e a Comisión Europea sobre a mellora da lexislación. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 4: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. - Subliña 4.1: Reforzo da estabilidade do marco regulamentario e garantía da unidade de mercado. Plan Estratégico de Galicia 2015-2020. Eixe 5: Administración moderna, eficiente e de calidade. - PA 5.2: Administración transparente, eficiente e orientada a resultados. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Programa de impulso: Factores territoriais de competitividade - Enfoque Estratégico: Normativa, - Medida 6: Creación dun mecanismo de vixilancia sobre o contorno normativo, combinado con políticas de seguimento, axilización e redución de prazos administrativos.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, recolle o deber de establecer unha regulación que recolla os mecanismos de planificación e avaliación normativa derivados do contido das recomendacións europeas sobre *better regulation*, aínda que polo de agora a súa implantación está en proceso. Por outra parte, en canto ao sometemento a consulta pública da avaliación normativa, hai casos nos que non está establecido o requisito de levala a cabo, o que quere dicir que se está perdendo a valiosa opinión dos usuarios finais.

Se estes procesos de revisión da lexislación non son levados a cabo de forma sistemática, tenden a aumentar a carga administrativa e os custos regulamentarios, dificultando o día a día tanto da actividade comercial como da sociedade.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Mellorar a eficacia e eficiencia da regulación e das políticas públicas, de tal forma que estas sirvan para solucionar os problemas existentes sen supoñer un freo ao desenvolvemento da actividade económica.

Neste senso, contar coa participación das partes interesadas é fundamental para desenvolver regulacións e políticas adaptadas ás necesidades reais. Estes actores, ben polo seu coñecemento da temática, ou ben polo seu nivel de afectación pola aplicación da normativa, contan cunha opinión moi valiosa para este proceso de elaboración. Unha vez publicada a lexislación ou política, a avaliación continuada da mesma permitirá detectar se se están a cumprir, coa maior eficacia, os obxectivos para os que foi deseñada, así coma identificar cargas administrativas e custos de cumprimento excesivos ou innecesarios. Finalmente, a avaliación *ex post* tamén contribuirá ao aumento da transparencia e servirá de *feedback* para o desenvolvemento de nova regulamentación.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2014_FEIE_EX_ ANTE.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- Potenciais investidores.

7. INDICADORES DE SEQUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.1.1.3.1	Indicadores de Política Reguladora e Gobernanza (iREG) - Avaliación <i>ex post</i> da regulación en Galicia (puntuación ata 4).	n.d.	-
I.1.1.3.2	Indicadores de Política Reguladora e Gobernanza (iREG) - Participación das partes interesadas en Galicia (puntuación ata 4).	n.d.	-
I.1.1.3.3	Variación respecto ao coste estándar definido na normativa galega.	n.d.	-
I.1.1.3.4	Mellora unitaria acadada coa implantación da normativa en Galicia.	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 104.

PROPOSTA 1.2.1	Deseñar un contorno regulador que estimule unhas operacións industriais de maior eficiencia no consumo de recursos, minimizando residuos, e con menores emisións de CO₂.
---------------------------------	--

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	1.2.- Por un clima empresarial con regras de xogo claras, estables e motivadoras de investimento sostible.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Prioridade: Crecemento sostible. Promoción dunha economía que faga un uso máis eficaz dos recursos, que sexa máis verde e competitiva. – Obxectivo: Cambio climático e enerxía. Emisións de gases de efecto invernadoiro un 20% menores aos niveis de 1990. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 3: Asegurar un subministro enerxético estable, competitivo e sostible dentro da UE. Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible 2007. Área: Producción e consumo. – Obxectivo 1: Aumentar o aforro e a eficiencia no uso dos recursos en tódolos sectores. – Obxectivo 2: Previr a contaminación, reducir a xeración de residuos e fomentar a reutilización e a reciclaxe dos xerados. – Área: Cambio climático – Obxectivo 1: Reducir as emisións. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 3: Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes. – Prioridade de Actuación 3.2: Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Se nos centramos na auga coma recurso natural (ben limitado, escaso e de uso común en todas as actividades económicas), o seu consumo nos sectores económicos representou, no 2014, o 22,1% do volume total de auga controlada e distribuída para abastecemento público na nosa comunidade. No caso dos residuos industriais, no 2014 en Galicia, xeráronse máis de 2,4 millóns de toneladas. Finalmente, segundo os últimos datos dispoñibles (2015), as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro en Galicia (1% superiores ás de 1990) afastábanse do obxectivo marcado na Estratexia Europa 2020. Polo tanto, é preciso estimular a desmaterialización e descarbonización das operacións industriais.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Impulsar unha actividade industrial máis sostible de xeito que o crecemento económico non vaia aparelado a un maior impacto ambiental. Para logralo será necesario un contorno regulador que xere incentivos para estimular ás empresas, por un lado, a usar enerxías máis limpas, que reduzan as emisións á atmosfera e os custos enerxéticos e, por outro, a un menor consumo de recursos. Isto último será posible orientando ás empresas cara un maior aproveitamento dos mesmos: xerar o máximo valor, consumindo o menos posible. Producirase así, tanto unha diminución do risco de escaseza coma unha redución dos impactos ambientais e dos residuos orixinados. Deste xeito, faise preciso avanzar cara a unha estratexia de reutilización dos residuos e refugallos cuxa xeración sexa inevitable nos procesos industriais, aproveitándoos como *inputs* noutros procesos e achegándonos, así, a unha economía circular.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

– 0292_TROCO2_1_E: Mercado transfronteiriço de intercambio de carbono.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O medio ambiente.
- O conxunto das empresas.
- A sociedade en xeral.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.1.2.1.1	Emisións de CO ₂ equivalente no sector industrial galego (quilotoneladas). ⁽¹⁾	1.776,10 (2015)	1.598,49 (▼ 10%)
I.1.2.1.2	Xeración de residuos industriais en Galicia (toneladas métricas). ⁽²⁾	2.411,39 (2014)	1.929.11 (▼ 20%)
I.1.2.1.3	Distribución de auga para o sector económico galego (miles de metros cúbicos). ⁽³⁾	41.160 (2014)	34.986 (▼ 15%)
I.1.2.1.4	Índice de Benestar de Galicia – Dimensión: Medio Ambiente (puntuación sobre 10). ⁽⁴⁾	7,5 (2016)	8,6 (▲ 15%)

Notas:

(1) Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (2017)

(3) INE (2017d)

(2) Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (2016)

(4) OCDE (2017a)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 105.

PROPOSTA 1.2.2

Despregar un programa de intervención e apoio público que facilite o desenvolvemento de mercados competitivos, eliminando barreiras de entrada e obstáculos regulamentarios ao crecemento do emprego e a consolidación empresarial.

1. MARCO ESTRATÉXICO DA PROPOSTA

RETO	1.2.- Por un clima empresarial con regras de xogo claras, estables e motivadoras de investimento sostible.
ALINEACIÓN ESTRATÉXICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. COM(2010) 614 final - Unha política industrial integrada para a era da globalización: por a competitividade e a sustentabilidade no punto de mira. 4. Reforzar o mercado interior. - 4.2. Política de competencia. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 4: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. - Subliña 4.1: Reforzo da estabilidade do marco regulamentario e garantía da unidade de mercado. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. - Prioridade de Actuación 1.2: Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos/as, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

En todas as economías de mercado é frecuente a existencia de barreiras que obstaculizan a entrada de novos operadores. Isto adoita provocar menores niveis de innovación e produtividade das empresas, afectando negativamente, por tanto, á competitividade sectorial. Esta situación pode suceder no propio sector manufactureiro ou nalgúns outros sectores primarios onde este sector se aprovisiona. En contraste, alí onde existe unha boa regulación que estimula as prácticas adecuadas de competencia, tanto no sector manufactureiro como nos primarios que o aprovisionan, a produtividade medra máis rapidamente xa que permite que entren no mercado empresas. O investimento e a innovación vense así favorecidos.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Favorecer un marco normativo que habilite a entrada de novos operadores, que contribúa a consolidar un tecido empresarial máis innovador e competitivo e, en consecuencia, favoreza a creación de emprego de calidade.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2017_XUNTA_FOMENTO_IMPLANTACIÓN: Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC), Consello Galego da Competencia (CGC), e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- As persoas traballadoras.
- Os consumidores en xeral.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.1.2.2.1	Entrada neta de empresas en Galicia nos últimos tres anos no sector manufactureiro (número).	n.d. (2015-2017)	- (2017-2020)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 106.

PROPOSTA 1.2.3	Estimular con incentivos públicos as experiencias piloto no ámbito da coexistión que as empresas decidan implantar voluntariamente.
---------------------------	--

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	1.2.- Por un clima empresarial con regras de xogo claras, estables e motivadoras de investimento sostible.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 6: Axenda de novas cualificacións e empregos, para modernizar os mercados laborais e potenciar a autonomía das persoas mediante o desenvolvemento de capacidades ao longo da súa vida co fin de aumentar a participación laboral e adecuar mellor a oferta e a demanda de traballo, en particular mediante a mobilidade laboral. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 4: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

No primeiro semestre de 2017 aumentou a conflitividade laboral no relativo ao número de folgas e xornadas non traballadas, en contraste co descenso rexistrado nos dous anos anteriores. Neste momento de transición, e para abordar con garantías os retos de futuro aos que estamos expostos, faise especialmente importante reforzar o diálogo social, instando a empresas, sindicatos e Administración a desenvolver espazos de interlocución en distintos niveis capaces de xerar a suficiente confianza como para remar na mesma dirección. Sobre a base da experiencia de varias empresas galegas con plantas industriais no norte de Europa, así como sobre o intercambio de información que os sindicatos manteñen cos seus homólogos europeos, xorde a idea de estimular algunha experiencia piloto en empresas que voluntariamente o decidan. Se ben a coexistión non é un concepto estendido nin compartido por parte de tódalas empresas nin todos os sindicatos, deseñar un programa piloto que permita a autoselección de empresas pode axudar a explorar alternativas ao modelo de relacións laborais tradicional do sector manufactureiro galego.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Favorecer o alíñamento dos intereses individuais e colectivos na empresa aumentando a confianza entre os axentes e reducindo espazos para o conflito. A iniciativa representaría unha experiencia piloto que debe puxar pola autoselección de empresas onde titulares de empresa e persoas traballadoras estean dispostos a explorar novas fórmulas de interlocución.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

Existen estas iniciativas noutras rexións que se poderían extrapolar a Galicia:

- 1976_BVerfGE_50_COEXISTIÓN: Lei alemá de Coexistión dos traballadores.
- 2015_INNOBIDEAK-PERTSONAK: participación das persoas traballadoras na empresa.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

IGAPE (coexistión como factor de competitividade), GAIN (coexistión como innovación organizativa), e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- As persoas traballadoras.
- Os sindicatos.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.1.2.3.1	Iniciativas de coexistión levadas a cabo no sector manufactureiro galego.	n.d.	-
I.1.2.3.2	Fondos destinados ás iniciativas de coexistión en Galicia.	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 107.

**PROPOSTA
1.2.4**

Acompañar o despregue da Industria 4.0 con cambios regulamentarios e políticas que apuntalen a sostibilidade da seguridade social e que garantan a prevención de riscos e a seguridade industrial.

1. MARCO ESTRATÉXICO DA PROPOSTA

RETO	1.2.- Por un clima empresarial con regras de xogo claras, estables e motivadoras de investimento sostible.
ALINEACIÓN ESTRATÉXICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 3: Unha axenda dixital para Europa. COM(2016) 180 final - Dixitalización da industria europea: Aproveitar todas as vantaxes dun mercado único dixital. Acción 4.3: Ofrecer as condicións adecuadas no marco regulamentario. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 4: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. Industria conectada 4.0. a transformación dixital da industria española. Liña de actuación 04: Promover as actuacións adecuadas para a posta en marcha da Industria 4.0. - Área estratéxica 4.2: Marco regulamentario e estandarización. - Iniciativa 1: Garantir que o marco regulamentario sexa adecuado para a posta en marcha da transformación dixital. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Programa de impulso: Factores territoriais de competitividade. - Medida 6: Creación dun mecanismo de vixilancia sobre o contorno normativo, combinado con políticas de seguimento, axilización e redución de prazos administrativos.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

No marco Europeo, a sostibilidade financeira dos réximes de Seguridade Social, pensións e seguros por desemprego é unha preocupación recorrente cando se trata da incorporación da robótica colaborativa e a intelixencia artificial ao contorno laboral. No sector manufactureiro galego, de feito, prodúcese dende o ano 2011 unha desconexión significativa entre a evolución do Valor Engadido Bruto (VAB) e o número de horas traballadas. Independentemente de se a tendencia do VAB é negativa (2011-2014) ou positiva (2015-2016), o incremento da produtividade fai que o número de horas traballadas se distancie cada vez máis da evolución do VAB. Tendo en conta como adoitan organizarse as contribucións á Seguridade Social, este fenómeno introduce novos retos para soste unha parte das políticas de benestar tal e como as coñecemos actualmente.

Por outro lado, non é trivial lembrar que o despregue da Industria 4.0 estase levando adiante con tecnoloxías e novas fórmulas organizativas que tamén introducen novos desafíos para garantir a prevención de riscos e, sobre todo, a seguridade industrial inherente á introdución de novas tecnoloxías aínda pouco coñecidas.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Garantir un sistema de protección social sostible mediante o deseño dun marco regulamentario capaz de afrontar as novas tendencias nos modelos produtivos.

A normativa debe anticiparse a este novo escenario para garantir a viabilidade dos sistemas tributarios e sociais, a minoración dos riscos laborais e o benestar das persoas traballadoras. Entre as previsibles consecuencias da industria 4.0 podemos enunciar cambios na recadación da seguridade social e nos protocolos de seguridade industrial. Por un lado, a robótica e a intelixencia artificial desenvolverán as labores máis rutinarias e repetitivas, co que certas tarefas humanas veranse afectadas, podendo mutar a outras novas. Por outro lado, suporá unha revisión da actuación en materia de seguridade do persoal, xa que as persoas terán que traballar en colaboración con robots, carrexando novos desafíos tanto a nivel físico coma emocional.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2016_FEDER_PA1/16.
- Tamén consideramos relevante destacar as seguintes normas vencelladas á seguridade industrial na robótica colaborativa:
- UNE-EN ISO 10218: 2012.
 - ISO/TS 15066:2016.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), Axencia Galega de Innovación (GAIN), Dirección Xeral de Enerxía e Minas (seguridade industrial) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As persoas traballadoras.
- O conxunto de empresas galegas.
- A sociedade en xeral.

7. INDICADORES DE SEGUIMIENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.1.2.4.1	Contribución da industria manufactureira á recadación total da Seguridade Social en Galicia (%).	n.d.	-
I.1.2.4.2	Accidentes de traballo durante a xornada na industria manufactureira galega (número). ⁽¹⁾	6.958 (2016)	4.871 (▼30%)

Notas:

(1) IGE (2017c).

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 108.

**PROPOSTA
1.3.1**

Desenvolver as ferramentas online dispoñibles para que, ademais de servir de xanela única con información en tempo real, melloren a coordinación entre organismos corresponsables de calquera tramitación empresarial.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	1.3.- Por un apoio explícito a novos investimentos que actúen como tractores da economía.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. COM (2014) 14 final - Por un renacemento industrial europeo. Prioridade: Aproveitar ao máximo o potencial do mercado interior desenvolvendo as infraestruturas necesarias, ofrecendo un marco regulador estable, simplificado e previsible favorable para a iniciativa empresarial e a innovación, integrando os mercados de capitais, mellorando as posibilidades de formación e mobilidade dos cidadáns e completando o mercado interior de servizos, tan importante para a competitividade industrial. Plan estratéxico do Instituto Nacional de Administración Pública (INAP) 2017-2020. Obxectivo Estratéxico 4: Transformar a actividade interna do INAP nun proceso de mellora continua. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 4: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 5: Administración moderna, eficiente e de calidade. - PA 5.2: Administración transparente, eficiente e orientada a resultados.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Os abundantes requerimentos normativos fan que Galicia necesite avanzar significativamente dentro da clasificación das 19 rexións/cidades españolas analizadas no global de actividades precisas para o inicio dunha actividade empresarial. España dispón dun sistema de apoio á creación de empresas por vía telemática (CIRCE: <http://portal.circe.es/es-ES/TramitacionTelematica/Paginas/TramitacionTelematica1.aspx>), e un sistema de puntos de atención (PAE: <http://portal.circe.es/es-ES/pait/Paginas/QueesunPAE.aspx>). Os PAE poden depender de entidades públicas ou privadas, colexios profesionais, organizacións empresariais ou cámaras de comercio.

Outros países conseguiron importantes aforros económicos grazas á simplificación e á dixitalización da tramitación. Por exemplo, Alemaña reduciu os custos de cumprimento en arredor de 887 millóns de euros por medio de novas propostas de mellora regulamentaria. Por outra banda, en Portugal, existen as empresas “na hora”, que permiten crear unha sociedade no momento e nun só servizo de atención ao público a un custo moi baixo, facendo a rexión moito máis atractiva para o investimento.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Crear un contorno máis competitivo, facendo que o investimento e a creación de novas empresas en Galicia sexa máis sinxelo e atractivo. Para favorecerlo, propónse ofrecerlles ás empresas e posibles persoas emprendedoras unha mellora significativa das ferramentas *online* que permita levar a cabo todos os procedementos da Administración vencellados á actividade empresarial, dende a súa constitución ata a súa extinción. Ademais, deberá ofrecer información actualizada do estado desas tramitacións, e sobre todo facilitará a coordinación de todos os organismos corresponsables de calquera requirimento empresarial. Resulta interesante neste sentido contemplar o papel dun único funcionario mentor para canalizar trámites e asesoramento asociados a cada requirimento empresarial. Todo isto redundará nun aforro de tempo e custo para as empresas e para as propias institucións encargadas de dita tramitación.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- CÁMARAS_COMERCIO_VUE: Xanela Única Empresarial.
- CIRCE: Centro de Información e Rede de Creación de Empresas.
- PAE: Punto de Atención ao Emprendedor.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), Colexios Profesionais, Asociacións Empresariais, Cámaras de Comercio e FEGAMP.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- Potenciais investidores.
- Administracións públicas.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.1.3.1.1	Prazo necesario para a apertura dun negocio en Galicia (días). ⁽¹⁾	19 (2015)	14 (▼25%)
I.1.3.1.2	Custo para a obtención da electricidade (% de ingreso per cápita). ⁽¹⁾	233 (2015)	105 (▼55%)
I.1.3.1.3	Ranking sobre a facilidade para facer negocios en Galicia (posición sobre as 19). ⁽¹⁾	19 (2015)	10 (▲48%)
I.1.3.1.4	Tramitacións <i>online</i> sobre o total de tramitacións realizadas en Galicia no sector manufactureiro (%).	n.d.	-

Notas:

(1) Banco Mundial (2016a)

Fonte: Elaboración propia.

PROPOSTA
1.3.2

Deseñar un programa de incentivos fiscais coordinado e administrativamente simple para estimular novos e grandes proxectos de investimento, garantindo o mantemento da recadación fiscal mediante mecanismos que promovan a participación de PeMEs galegas na fase de execución.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	1.3.- Por un apoio explícito a novos investimentos que actúen como tractores da economía.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. CCMI/120 - Regreso da industria á UE. Recomendación: crear un sistema impositivo máis equilibrado e estable para promover o consumo interior e para atraer investimentos estranxeiros directos. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 4: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. Estratexia de Internacionalización da Economía Española. Actuación 5: Potenciar a captación e a consolidación do investimento estranxeiro de alto valor engadido. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1. Empregabilidade e crecemento intelixente Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Programa de impulso: Mercados-internacionalización. - Enfoque Estratéxico: Atracción de investimento do exterior. - Medida 3: Apoio á captación de investidores estranxeiros e á entrada de capital exterior.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Os impostos e taxas cumpren un obxectivo esencial na sostibilidade das actividades das administracións públicas que, sen embargo, poden converterse en elementos desincentivadores do investimento cando a súa contía non reflicte valor engadido para as persoas e empresas usuarias. En Galicia, por exemplo, o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, xunto co de Cataluña e Valencia, é o máis alto de España pese a que non parece haber motivos obxectivos para xustificalo. É importante considerar alén disto que a atracción de novos investimentos xera recursos por outras vías para o sector público; aspectos todos estes que deben ser considerados no deseño dun programa de incentivos que mellore a capacidade de Galicia para atraer grandes investimentos sen que isto implique necesariamente perder recursos no medio prazo. Por outro lado, nun contorno produtivo coma o galego, onde máis do 95% das empresas son PeMEs, paga a pena pensar na súa inclusión na participación dos novos investimentos ou proxectos que se logren atraer. Isto aumentará a súa carga de traballo, dándolles unha maior estabilidade e permitíndolles, a súa vez, obter unha dimensión que lles facilite acceder a máis e mellor financiamento, favorecendo a consolidación do tecido empresarial galego.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Incrementar os investimentos novos de maior envergadura no interior e dende o exterior de Galicia, e que estes sexan tractores do crecemento económico e da xeración de emprego directamente e vía participación de PeMEs.

As administracións públicas, a nivel autonómico e local, crearían un contorno para o investimento máis atractivo deseñando un programa coordinado de incentivos fiscais naqueles ámbitos nos que teñen competencia. O programa incluíría a participación das PeMEs locais nos proxectos.

En termos globais, o deseño do programa debe procurar incrementar a actividade económica e o número de iniciativas empresariais e, polo tanto, manter ou mellorar no medio prazo a recadación fiscal total.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2017_XUNTA_INVEST_EMPRESARIAL: Proxectos de investimento empresarial.
- 2017_XUNTA_FOMENTO_IMPLANTACIÓN.
- 2016_XUNTA_CAP_INVESTIMENTO.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Facenda, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e FEGAMP.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- Potenciais investidores.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.1.3.2.1	Volume de grandes proxectos de investimento en Galicia.	n.d.	-
I.1.3.2.2	Media de persoas empregadas por empresa no sector manufactureiro (número). ⁽¹⁾	11,6 (2015)	17,4 (▲ 50%)
I.1.3.2.3	Presión fiscal empresarial en Galicia.	n.d.	-

Notas:

(1) INE (2017a) e Eurostat (2017b).

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 110.

**PROPOSTA
1.3.3**

Elaborar plans de apoio temporal para empresas de bens de equipo e servizos avanzados, situadas na intersección das cadeas de subministro con maior produtividade asociada.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	1.3.- Por un apoio explícito a novos investimentos que actúen como tractores da economía.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. COM (2014) 14 final - Por un renacemento industrial europeo. Prioridade: Seguir profundando na integración da competitividade industrial en tódalas áreas políticas para manter a competitividade da economía da UE, dada a importancia da contribución da competitividade da industria á competitividade global da UE. Por exemplo, debe prestarse especial atención a aumentar a produtividade nos servizos ás empresas para aumentar a competitividade industrial e a competitividade da economía da UE en xeral. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 1: Estimular a demanda de bens industriais con efecto multiplicador na economía. - Subliña 1.1: Reforzo e optimización dos programas de estímulo de produtos con maior efecto multiplicador. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente RIS3 Galicia. RETO 2: Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. - Prioridade 2.3: Impulso das TICs como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia, ao igual que outras Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFEs). [Economía do Coñecemento: TIC e TFE].

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A demanda de maquinaria e equipos de alta tecnoloxía nas industrias continuará crescendo a medida que aumenten os niveis actuais de demanda de maior eficiencia enerxética e de produción. É preciso destacar, tamén, os efectos da competencia na interacción entre a industria manufacturera e os servizos avanzados. En Galicia, as empresas que cooperaron cos servizos empresariais intensivos en coñecemento (KIBS) obtiveron mellores resultados de desempeño nos *throughputs* de innovación. Ademais, en contraste con outras rexións con dificultades en I+D+i, Galicia conta con KIBS ao máis alto nivel, quizais debido ao aumento da contratación de actividades nas últimas décadas dende, precisamente, o sector industrial. Estimular os *spillovers* de coñecemento desde as KIBS ás nosas cadeas de subministro con maior produtividade asociada contribuirá, sen dúbida, ao desenvolvemento dun tecido industrial con maior resiliencia.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Potenciar a integración das actividades intensivas en coñecemento nas cadeas de subministro de maior valor engadido. Procúrase impulsar tanto a industria de bens de equipo coma o sector de servizos avanzados para contribuír ao desenvolvemento do conxunto da economía da rexión. Trátase de organizacións cunha gran capacidade de innovación e xeración de *spillovers* cara ás industrias da súa contorna. Por un lado, os fabricantes de bens de equipo contan con múltiples conexións con outras actividades e cun alto contido tecnolóxico. Ao ser produtoras de bens intermedios e fabricar bens de produción que son utilizados noutras tantas industrias, convértense nun factor determinante para a evolución da produtividade e a difusión das novas tecnoloxías. Por outro lado, os servizos avanzados, pola proximidade ao mercado das novas tecnoloxías e a necesidade de formación continua do seu persoal, son intensivos en coñecemento e especialmente relevantes pola súa aportación ao capital intelectual e a súa capacidade de atracción de talento.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2014_XUNTA_PNS7/13.
- 0411_MANUFACTUR4_0_1_E: Tecnoloxías intelixentes no naval/metalmecánico.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria e Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.1.3.3.1	Produción industrial en Galicia - Bens de equipo (índice). ⁽¹⁾	77,862 (2017/M09)	116,793 (▲ 50%)
I.1.3.3.2	Empresas manufacturais galegas que invisten en innovación tecnolóxica para a mellora de procesos (%).	n.d.	-
I.1.3.3.3	Empresas da CC.AA. de Galicia que utilizan aplicacións de procesamento automático de información tipo ERP (%). ⁽¹⁾	14,76% (2016)	29,52% (▲ 100%)

Notas:

(1) INE (2017j)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 111.

PROPOSTA 1.3.4	Estimular os acordos de comercialización conxunta en produtos complementarios, tanto no mercado español como nos foráneos, particularmente nas cadeas de subministro con empresas tractoras ou canles de distribución con centros de decisión en Galicia.
---------------------------	--

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	1.3.- Por un apoio explícito a novos investimentos que actúen como tractores da economía.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. COM (2014) 14 final - Por un renacemento industrial europeo. Prioridade: Hai que facer todo o posible por facilitar a integración das empresas da UE nas cadeas de valor mundiais para incrementar a súa competitividade e asegurar o acceso aos mercados mundiais en condicións competitivas máis favorables. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña 9: Apoiar a internacionalización das empresas industriais e a diversificación de mercados. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. - Prioridade de actuación 1.2: Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos/as, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A globalización e a intensa competencia mundial, xunto cos avances tecnolóxicos, crean un contorno empresarial completamente novo para as organizacións manufactureiras. Unha cadea de subministro integrada ten unha clara vantaxe na competitividade sobre as empresas individuais. De feito, co avance da globalización e dixitalización da economía, a posibilidade de xerar unha vantaxe competitiva nas operacións industriais trasladouse en moitos sectores dende os aspectos internos da empresa ao campo externo da súa participación nunha cadea de valor. Polo tanto, nun contexto coma o galego, onde a maioría das empresas son PeMEs (o 99,82% de empresas con asalariados teñen menos de 250 persoas empregadas), a cooperación con empresas industriais tractoras ou con nodos autóctonos de distribución, por exemplo no sector da alimentación, representa un elemento importante de competitividade.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Facilitar unha posición máis vantaxosa para as PeMEs no seu acceso ao mercado. Trátase de aproveitar as capacidades das empresas tractoras e canles de distribución asentadas en Galicia para abrir canles de cooperación que despreguen novas posibilidades para as PeMEs. A proximidade xeográfica das empresas tractoras ou canles de distribución facilita ás PeMEs, na maioría dos casos con pouca proxección no exterior, o acceso a novos mercados. Ademais, abre novas posibilidades de integración vertical nas cadeas de valor.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 0306_COOPERATEXPOR_1_E: Plataforma integral para o desenvolvemento, crecemento e impulso á internacionalización das PeMEs do sector téxtil-moda.
- 2015_XUNTA_UAVs.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), Axencia Galega de Innovación (GAIN), clústeres empresariais, interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.1.3.4.1	Empresas que colaboran con outra empresa e/ou institución para a venda na industria galega (%). ⁽¹⁾	2,9% (2007)	4,8% (▲ 100%)

Notas:

(1) IGE (2017f)

Fonte: Elaboración propia.